

TEMA 13.- AS PRIMEIRAS VANGARDAS OU "ISMOS" DO SÉCULO XX - CUBISMO:

COMENTARIOS DE PICASSO

AS SEÑORITAS DE AVIGNON

a.- Identifica a obra, sinalando, se procede, cultura/estilo/movemento; cronoloxía; título; autor: As señoritas de Avignon. Pintura ao óleo sobre lenzo do Cubismo cezanniano realizada por Picasso en 1907. Con este cadro iníciase o Cubismo. Inclúese nas primeiras vangardas artísticas ou "ismos" do século XX.

c.- Analiza e comenta a obra:

Poñer nas outras obras de Picasso

- **Precedentes do Cubismo:** Cézanne coa súa valoración do volume mediante formas xeométricas; as esculturas ibéricas españolas que impresionaron profundamente a Picasso polas súas formas xeométricas e as súas fortes desproporcións e distorsións (ollos e/ou orellas a alturas diferentes); as máscaras africanas (de moda en Europa a comezos do XX) con rostros feitos como a machadazos e, ás veces, de aspecto horrible, que lle pareceron a Picasso a arte máis pura, a máis auténtica (gusto polas "artes primitivas").

- **Características xerais do Cubismo:** para entender este estilo temos que partir dunha serie de acontecementos que se producen na cidade de París: en 1907 realízase unha exposición sobre a obra de Cézanne (morto un ano antes) e unha exposición sobre "arte africana"; nese mesmo ano, 1907, Picasso pinta o cadro que pode ser considerado o "primeiro manifesto da pintura cubista": "As señoritas de Avignon"; en 1908 o pintor Braque expón unha serie de cadros que un crítico di que "*están feitos a base de pequenos cubos*"; nace así unha denominación para o estilo: Cubismo.

A grandes trazos o Cubismo descompón a realidade en formas xeométricas e volve a reconstruílas no cadro como se fosen as pezas dun crebacabezas, por iso os motivos representados perden a continuidade e parecen estar feitos a base de anacos, coma se fosen vidros rotos (chámanse "facetas"). As formas agora teñen que adaptarse ás normas do cadro, que se afasta totalmente da realidade. O Cubismo introduce na pintura a visión simultánea, que consiste en representar as " cousas " non como as vemos senón como sabemos que son: por arriba e por abaixo, por dentro e por fóra, de perfil, de costas, de fronte, etc., todo ao mesmo tempo, é dicir, de forma simultánea. A visión simultánea rompe con calquera pintura ao provocar a desaparición no cadro do punto de vista único.

Seguindo o influxo de Cézanne os cubistas revalorizan o volume, non utilizan a perspectiva pero -a diferenza de Cézanne- prescinden da profundidade. Danlle menor importancia á cor que os fauves.

- **Pablo Ruiz Picasso** principal artista cubista e un dos grandes xenios da pintura universal. Este pintor malagueño fórmase en Barcelona e pasa a meirande parte da súa vida en París.

Nas **Señoritas de Avignon** nun principio ía colocar máis figuras (un estudante e un mariñeiro), finalmente a escena quedou reducida ás cinco figuras femininas nús e a un pequeno bodegón no primeiro plano. Representa a cinco prostitutas da rúa barcelonesa de Avinyó (o cadro inicialmente íase titular O bordel de Avignon).

A obra inclúese na primeira fase do Cubismo, o cubismo cezanniano, que mostra as seguintes características: influxo de Cézanne, liñas rectas e perfís angulosos, cores herdadas dos fauves -puras, claras, brillantes, intensas e planas-, pero a pincelada é curta; valoración das formas e do volume, pero non hai profundidade nin perspectiva, como se observa na colocación vertical do bodegón -que é o elemento “máis clásico” de todo o cadro- e da segunda e terceira muller da esquerda que están deitadas pero parecen de pé; tamén o fondo do cadro se abalanza sobre o primeiro plano. As figuras aparecen separadas e diferenciadas do fondo -pero non hai profundidade- de maneira que unhas e outro non se confunden. O fondo do cadro simula unha cortina (que está abrindo a muller da esquerda) e un vidro (era frecuente na época que as prostitutas se mostraran aos clientes nun escaparate, detrás das mulleres había unha cortina trala cal estaba a cama) e parece estar feito a base de vidros rotos, aspecto que se acentúa polo uso das cores azul e branca, cores frías que deberían provocar sensación de afastamento, pero o fondo se abalanza sobre as figuras que parecen non ter espazo (isto débese a que as esquinas dos vidros están pintadas de branco e avanza cara ao primeiro plano).

As cinco mulleres, que se ofrecen como obxectos, aparecen caracterizadas como figuras terribles, algo demoníacas. Presentan elementos comúns pero tamén diferenzas: a primeira da esquerda, de pé e de perfil, mostra influxos de Cézanne, da escultura exipcia, da escultura grega arcaica e no rostro das máscaras africanas; as dúas seguintes -mantendo o influxo de Cézanne- presentan influencias das esculturas ibéricas (ollos e orellas a alturas diferentes, orellas enormes), pero as que realmente impresionan e asombran son as dúas da dereita con rostros feitos como a machadazos ou cortados con coitelo, son rostros horribles, auténticas máscaras cuxa procedencia está nas máscaras africanas, aínda que tamén se observa o influxo da escultura ibérica nas deformacións e distorsións. A visión simultánea está presente en toda a obra, de forma clarísima na muller agochada do extremo inferior dereito (corpo de costas-rostro de fronte; boca, nariz e un ollo de perfil-o outro ollo de fronte, orella de fronte), pero tamén na segunda e terceira muller da esquerda co rostro de fronte e o nariz de perfil; estas últimas ademais están deitadas as súas compañeiras de pé, pero Picasso emprega para todas o mesmo punto de vista; os vidros sitúanse detrás das mulleres ao



igual que as cortinas (non diante delas). Nos corpos espidos das mulleres, os peitos redúcense a agresivas formas xeométricas e nas miradas mostran hostilidade e tristeza. Non se relacionan entre elas senón co espectador ao que se ofrecen como mercadorías.

RETRATO DE AMBROISE VOLLARD

a.- Identifica a obra, sinalando, se procede, cultura/estilo/movemento; cronoloxía; título; autor: Retrato de Ambroise Vollard. Pintura ao óleo sobre lenzo do Cubismo analítico realizada por Picasso entre 1909 e 1910. Inclúese nas primeiras vangardas artísticas ou "ismos" do século XX.

c.- Analiza e comenta a obra: entre 1909 e 1912 os cadros de Picasso inclúense no Cubismo analítico que, como o seu propio nome indica, supón unha análise minuciosa das formas xeométricas, que se disgregan en múltiples e pequenas pezas (facetadas), construindo ou compoñendo o cadro con elas; cada faceta ten ademais a súa propia iluminación. Leva ata as súas últimas con-



secuencias a visión simultánea (representando as cousas de forma integral, total, desde todos os puntos de vista posibles) e a descomposición das formas xeométricas. Ademais, a distinción ou separación entre os obxectos e figuras e o fondo desaparece e confúndense formando un todo continuo e difícil de separar; pinta as facetadas con pinceladas pouco extensas e con cores apagadas: grises e ocre. Chega un momento en que as formas se perden e as cousas fanse irrecoñecibles polo que os cadros case caen na abstracción, e iso non o quería Picasso.

Este cadro é un retrato de Ambroise Vollard, o marchante e galerista máis famoso do París de principios do XX. Grazas a el moitos artistas atoparon un lugar onde expoñer e conseguiron darse a coñecer. Na súa galería presentou ao mundo obras de Renoir, Gauguin, Cézanne, Matisse, Picasso... O rostro ceñudo está iluminado e mostra un aspecto escultórico. Podemos observar unha botella na parte superior á esquerda, un libro sobre a parte superior dereita e un periódico aberto que Vollard está lendo.

NATUREZA MORTA CON CADEIRA DE REXILLA

a.- Identifica a obra, sinalando, se procede, cultura/estilo/movemento; cronoloxía; título; autor: Natureza morta con cadeira de rexilla. Pintura sobre tea; é un colaxe de óleo, hule e pastel que marca o final do Cubismo analítico e o comezo do Cubismo sintético. Está considerado o primeiro colaxe da historia da pintura. Foi realizado por Picasso en 1912. Trátase dun bodegón. Inclúese nas primeiras vangardas artísticas ou "ismos" do século XX.

c.- Analiza e comenta a obra: desde 1912, os cadros de Picasso inclúense no Cubismo sinté-

sintético: volve recobrar a forma na pintura. Facendo unha síntese e mantendo os elementos propios do Cubismo, os obxectos e figuras volven ser recoñecibles; as facetas son máis amplas e recupérase a separación entre obxecto e fondo, aínda que segue sen haber profundidade; as cores revalorízanse, sendo máis claras, intensas e brillantes. Nesta etapa, Picasso engade á pintura unha técnica chamada colaxe (cuxa práctica foi unha das causas da aparición do Cubismo sintético) consistente en incorporar ao cadro obxectos,

papeis, periódicos, teas..., recortados e pegados, algo realmente revolucionario, pois por vez primeira na Historia da Pintura o cadro introduce nel a realidade (unha cousa real, algo alleo á pintura, podía converterse en elemento pictórico) e deixa de ser un duplicado ou copia da mesma: cuestiónase a “exclusividade dos medios pictóricos tradicionais” (cor e debuxo) e tamén o que se



entende por pintura. Os colaxes cubistas poden presentarse de varias maneiras: recortando papeis que adquiren a forma dun obxecto (un vaso, un violín, etc.) ou introducindo o obxecto tal e como é na realidade (un periódico) – en ambos casos pégnanos ao lenzo, é dicir, os obxectos non están pintados nel; outras veces finxen que un cadro é un colaxe: pintan os motivos como se fosen papeis ou periódicos. Tamén é frecuente que aparezan signos tipográficos.

Natureza morta con cadeira de rexilla presenta na parte superior elementos propios do Cubismo analítico, pois os obxectos aparecen descompostos en multitude de facetas, pero na parte inferior esquerda é un cadro do Cubismo sintético, que se observa no trezado de rexilla dunha cadeira perfectamente detallada e definida e no hule que aparece sobre a cadeira. Outra característica propia do Cubismo analítico presente nesta obra é que as cores son apagadas.

Picasso tamén rompe coa pintura tradicional a través doutros aspectos: o cadro é ovalado, lembrando unha mesa de café, e o marco é unha corda de cáñamo que simboliza o borde da mesa; o anaco de hule recortado simula o enreixado dunha cadeira e Picasso pégaon na tea coma un elemento máis. Neste cadro pódense ler as letras "JOU", inicio de "Journal".

O GUERNICA

a.- Identifica a obra, sinalando, se procede, cultura/estilo/movemento; cronoloxía; título; autor: O Guernica. Pintura ao óleo sobre lenzo. Trátase dunha obra cubista que presenta elementos realistas, surrealistas e expresionistas. Foi realizada por Picasso en 1937. Inclúese nas primeiras vangardas artísticas ou "ismos" do século XX. Actualmente está no Museo Reina Sofía (Madrid).

c.- Analiza e comenta a obra: en 1936 estala a Guerra Civil española, Picasso -comunista- apoia ao bando republicano. No ano 37 o goberno da República encárgalle un mural para deco-

rar o Pavillón español na Feira Mundial de París. Picasso pensaba pintar un enorme mural titulado, "Franco: soño e mentira dun ditador", no que, de forma caricaturesca, reflectiría o totalitarismo do ditador. Cando estaba iniciando os bosquejos para o mural, chégalle a nova de que a aviación nazi, por medio da "Lexión Cóndor", acaba de bombardear a poboación vasca de Guernica (que non constituía un obxectivo militar pero era a capital histórica do País Vasco e símbolo dos seus foros) co beneplácito do ditador español (os mandos do bando nacional ou franquista acusarán aos propios vascos de ter incendiado a cidade con latas de gasolina para evitar que fora conquistada), o día 26 de Abril de 1937, nunha tarde de mercado. A cidade estaba habitada case exclusivamente por nenos, mulleres e anciáns, pois os homes estaban na fronte; o ataque non se limitou aos bombardeos senón que os avións alemáns metrallaron á xente que intentaba fuxir. Producíase o primeiro bombardeo totalitario da historia da humanidade sobre poboación civil (un ensaio para os bombardeos desa clase que se practicarán na II Guerra Mundial): a primeira grande masacre de civís da Historia Contemporánea. Picasso, horrorizado e indignado ante tanta atrocidade, decide pintar un cadro de enorme formato (en menos de dous meses) para denunciar tanta barbarie e desatino: nace así O Guernica.

Neste cadro as figuras aparecen unidas entre si dentro dun esquema triangular, que evoca os frontóns dos templos gregos. Nese frontón expresa con profundo dramatismo a aniquilación de persoas inocentes: é un grito desesperado ante un acto tan cruel, absurdo e inhumano. Guernica é o terror de algo inxustificable, por iso Picasso pintou o cadro empregando as "non cores": negro, branco e gris; o bombardeo tivo lugar durante o día e Picasso representao de noite: os dous aspectos mencionados acentúan o dramatismo. Esta obra evidencia a xenialidade de Picasso, xa que, mantendo a técnica cubista (o punteado no corpo do cabalo lembra un periódico recortado=colaxe, as facetas son amplas e as figuras e obxectos recoñecibles, aparece a visión simultánea [vemos tamén que o artista representa de forma simultánea o exterior e o interior: así, a muller do quinqué, asómase desde unha ventá ao exterior que está subliñado polo tellado, pero o resto da composición semella desenvolverse nun interior abafante], non hai profundidade -aínda que o corpo do touro encurvado produce unha lixeira sensación de profundidade- nin perspectiva, o espazo é case plano e parece asfixiar ás figuras, etc.) é tamén un cadro realista (lembra o período azul), pois denuncia un feito acaecido na realidade, surrealista: son símbolos surrealistas a muller que porta o quinqué e a lámpada acendida=luz da República; expresionista, pois todas as figuras do cadro expresan de diferentes formas os seus sentimentos ante a atrocidade que están a presenciar e padecer.



Lévase a mirada de dereita a esquerda: para esta parte diríxense ou miran case todas as figuras (agás a muller que está na casa). As figuras impresionan vivamente: a muller -desesperada e berrando- que intenta saír da súa casa ardendo e alza os brazos como se quixera impedir a caída das bombas (a postura lembra a do personaxe central dos Fusilamentos do 3 de Maio), o soldado morto (única figura masculina do cadro: quizais un miliciano da República), coa cabeza cortada, a espada rota (unha rosa enriba dela: quizais a esperanza de que algún día todo volva florecer, de que non triunfe o horror) e cunha ferradura (sorte) na cabeza (cruel ironía), a muller que arrastra pesadamente o seu corpo e parece querer fuxir -sen saber a onde- do bombardeo, do horror, a muller que chora desconsolada (a forma mesma dos ollos é unha bágoa que se desborda máis alá das súas concas, a lingua é un coitelo: simboliza o desgarramento que sente) co seu fillo morto-asasinado (este neno é unha figura bastante clásica) nos brazos (lembra ás Piedades), os animais que mostran reaccións diferentes: o touro atónito (o pobo español? -iso explicaría que co seu corpo acolla á nai co fillo morto-, o fascismo? =a brutalidade), o cabalo rinchando (o pobo español? -iso explicaría que apareza co ventre partido e unha lanza atravesándoo desde arriba-, o fascismo? =a brutalidade): as súas linguas son coitelos (se o cabalo ou o touro son o pobo español as súas linguas son o pavor, o desgarramento, se son o fascismo as súas linguas son a violencia, o asasinato) e unha pezoña esmagadora (o fascismo?), unha pomba esganada sobre unha mesa (a morte da paz?). Como di Picasso: “¿Qué importancia tiene lo que simbolicen estos animales?, lo que está claro es que están destrozados por la barbarie”. Guernica non fala só da posición de Picasso ante o ocorrido, é sobre todo un documento, un exemplo-límite da pintura como linguaxe, da súa capacidade para transmitir mensaxes. O artista presenta un cadro-grito (Guernica é un cadro que non só se ve, óese) contra a barbarie, a intolerancia, o desatino. O horror de Guernica anuncia os bombardeos sobre Londres, Berlín, Hiroshima, Nagasaki... A Historia xa no é catarse (purificación), é terror.